



ROGO SOBRE A ADECUACIÓN DA ZONA DE APARCADOIRO SITUADA Á BEIRA DA CASA DAS ASOCIACIÓNS DE BENESTAR SOCIAL EN SALGUEIRIÑOS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xusto á beira do edificio que alberga a Casa das Asociacións de Benestar Social (CABES) na rúa Manuel María, nas proximidades do recinto feiral de Salgueiriños existe unha parcela municipal de preto de 1.500 metros cadrados, destinada a equipamentos, que se atopa parcialmente asfaltada e que vén sendo utilizada como aparcadoiro público.

O emprazamento deste terreo fai que sexa un lugar moi frecuentado pola gran cantidade de persoas que a diario acoden, non só ao CABES –que acolle recursos e servizos para máis dunha ducia de asociacións de asistencia e apoio social que teñen alí radicada a súa sede social- senón tamén para outras moitas persoas que se dirixen á veciña Unidade Municipal de Asistencia a Drogodependentes (UMAD), tanto na súa condición de persoas usuarias como tamén traballadoras dos mesmos servizos.

O caso é que ese terreo, que supón un extraordinario recurso engadido para todas aquelas instalacións, atópase nunhas condicións lamentables, cun terreo irregular cheo de fochancas, sen unha mínima sinalización que axude a aumentar a súa eficacia e cuns puntos de acceso e saída que fan moi complicado o seu emprego, tal e como se pode contemplar no anexo fotográfico que se acompaña.

Coa finalidade de mellorar as condicións desta parcela que demandan as moitas persoas que a diario a empregan presentamos o seguinte ROGO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se fagan as xestións pertinentes para a mellora do firme e das condicións da parcela situada á beira da Casa das Asociacións de Benestar Social (CABES), de xeito que se facilite a comodidade, a seguridade e a eficacia como área de aparcamento para as persoas que se dirixen aos servizos municipais radicados nese ámbito, optimizando a súa actual función mentres non se decida outro destino para esa superficie.

Santiago de Compostela, a 6 de abril de 2018

María Corral López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO (CONTORNO CABES – SALGUEIRIÑOS)

